



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: SESIÓN 2021/6 EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE ABEGONDO DO DÍA 2 DE DE XULLO DE 2021

EXPEDIENTE: 2021/G010/000006

ACTA Nº 2021/6 SESIÓN Extraordinaria DO PLENO - SESIÓN TELEMÁTICA, venres 2 de xullo de 2021 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luís Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Laura C. Calvo Quintela

Secretario accidental

José Antonio Varela Doval

Interventora

Gema Vázquez López

Asiste como secretario José Antonio Varela Doval secretario accidental da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A PRESTACIÓN, PLANIFICACIÓN, EXECUCIÓN, CONTROL E AVALIACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE ABEGONDO
2. APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A PRESTACIÓN, PLANIFICACIÓN, EXECUCIÓN, CONTROL E AVALIACIÓN DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E CULTURAIAS DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos en Xeral:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

ASUNTO: Adxudicación

SERVIZO: Prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo.

PLAN: Municipal

Número expediente: 2020/C004/000005 - 2021/G006/000141

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO. Quedou acreditada a necesidade municipal que por persoa física ou xurídica externa e capacitada realice o contrato debido á insuficiencia de medios persoais e materiais para a súa realización do “**Servizo para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo.**” a conveniencia de non ampliación deses medios persoais e materiais por parte desta Administración. A proposta do servizo é asumida polo órgano de contratación neste acordo de iniciación do expediente.

SEGUNDO. Foi emitido informe técnico, acerca da idoneidade do contrato

TERCEIRO. Foi emitido Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a adquisición en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

CUARTO. Foi emitido Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Alcaldía.

QUINTO. Por decreto da Alcaldía aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada.

SEXTO. Foron redactados e incorporado ao expediente o prego administrativo e o prego de condicións técnicas que deben rexer a adxudicación.

SÉTIMO. Polo Interventor foi realizada a retención de crédito oportuna e emitiu informe de fiscalización do expediente.

OITAVO.- Polo pleno de data 29/01/2021 procedeuse á aprobación do expte de contratación

Publicouse anuncio no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do sector público para a presentación de ofertas por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).

NOVENO.- Valorada a documentación administrativa, pasase a informe do técnico municipal para a valoración dos criterios non avaliábeis matematicamente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

DÉCIMO.- Polo o órgano de contratación asúmese integramente a valoración dos técnicos municipais co seguinte resultado:

| APARTADO | | PUNTUACIÓN empresa |
|---|---|-----------------------|
| Programas e servizos. | Programa deportivo en xeral | 1 |
| | Programa cultural xeral | 1 |
| | Programa de competición deportiva | 1 |
| | Programa actividades lúdico-educativa e recreativas | 1 |
| | Programa de tecnificación e especialización | 1 |
| | Programa de actividades deportivas solidarias | 1 |
| | Programa de actividade do medio natural | 1 |
| Obxectivos. | Obxectivos da xestión | 1 |
| | Obxectivos área deportes | 1 |
| | Obxectivos área cultura | 1 |
| Metodoloxía. | Estratexias de atención á diversidade funcional | 1,5 |
| | Estratexia de transversalidade da igualdade | 1,5 |
| Oferta deportes e cultura. | Oferta deportes | 1,5 |
| | Oferta cultura | 1,5 |
| Organización e xestión do servizo. | Estrutura organizativa e recursos humanos | 1 |
| | Plan de comunicación | 1 |
| | Xestión do servizo | 1 |
| Plataforma de xestión do servizo | | 2 |
| Periodicidade. Desenvolvemento de los contenidos: cronograma mensual y semanal. | | 1,5 |
| Identificación. Área y descripción global de la actividad deportiva y cultural. | | 1 |
| Misión y compromiso en la realización de las actividades. | | 1 |
| Diseño y elaboración de campus deportivos. | | 1 |
| Diseño y elaboración de eventos deportivos y culturales. | | 1 |
| Equipos, instalaciones y seguro. | | 1 |
| Sistema de evaluación y sistema de control de usuarios/as. | | 1 |
| Otra información que se considere relevante para el servicio. | | 0,5 |
| Total | | 29,00 |

Para a valoración da oferta económica utilizouse a fórmula de valoración segundo consta no prego co seguinte resultado:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

| Licitador | Oferta económica máximo 30 puntos | Programa melloras máximo 8 puntos | Bolsa horas máximo 13 puntos | Total |
|----------------------|-----------------------------------|-----------------------------------|------------------------------|-------|
| Serviplus total S.L. | 30 | 8 | 13 | 51 |

O órgano de contratación propón para a súa adxudicación a empresa por ser a que mellor puntuación obtivo:

| Licitador | Total puntuación criterios non avaliados economicamente | Total puntuación criterios avaliados economicamente | Puntos totais |
|----------------------|---|---|---------------|
| Serviplus total S.L. | 29 | 51 | 80 |

UNDÉCIMO.- Requiríuselle para que presente a documentación segundo se establece no prego administrativo

DUODÉCIMO.- Foi emitido Informe de Intervención sobre a fiscalización do expediente con data 21/06/21

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

CONSIDERACIÓNS

O expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Alcalde, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A división en lotes suporía un retraso na adxudicación do investimento, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expediente de contratación.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e conformidade co que preceptúan os artigos 21.1.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.n) da Lei de administración local de Galicia, así como o Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

19/06/2019 e a disposición adicional II do LCSP, propónse a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro- Adxudicar á empresa **Serviplus total SL** o contrato de “**Servizo para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo**”, en base ao contido da súa oferta:

- **Prezo hora 17,00 euros (IVE excluído)**
- **Servizos complementarios:**

| Eventos | Denominación |
|-------------------|--|
| Nº de eventos: 13 | Camiño de Santiago |
| | Torneo de Videoxogos |
| | Obradoiros artesanais |
| | Cultura urbana |
| | Monologuistas de Abegondo |
| | Xornadas de charlas sobre deporte e nutrición |
| | Ciclo de saídas lúdicas e culturais |
| | Deporte o aire libre. Torneo 3x3 |
| | Masterclass |
| | Torneo de fútbol |
| | Carreira popular. Andaina de Abegondo e carreira BTT de Abegondo |
| | Banda deseñada |
| | Xornadas en familia |

- **Bolsa de horas para a promoción de actividades: 500 horas anuais gratúitas**

SEGUNDO.- Prazo de execución: **3 anos con posibilidade de prórroga de 1 ano.**

TERCEIRO.- Dispor o gasto con cargo as partidas correspondente do orzamento vixente de gastos

CUARTO.- A non división en lotes en base a que dificulta e retrasa a correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico e administrativo segundo se establece das consideracións desta adxudicación

QUINTO.- Notificar ao representante da adxudicataria do contrato, a presente resolución e citarlle para a firma do contrato que terá lugar na Casa Consistorial na data que se acorde por teléfono co contratista. En todo caso a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 153 da Lei de contratos do sector público.

SEXTO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios a través da plataforma de contratación do Estado.

SÉTIMO. Publicar a formalización do contrato na plataforma de contratación do sector público con enlace a través da páxina www.abegondo.gal no prazo de corenta e oito días a contar dende a data do presente acordo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procédese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría

2. ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

Dáse conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo:

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO

EXPEDIENTE: 2020/X999/000005

INFORME DE SECRETARIA PARA A APROBACIÓN INICIAL

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte, **INFORME:**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Consta providencia de alcaldía para o inicio dos trámites para a aprobación do PXOM do Concello de Abegondo.

SEGUNDO. Con data de 8.08.2018 o concello asina o contrato administrativo de servizo, "para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e actualización da cartografía do concello de Abegondo".

TERCEIRO. O 20.09.2019 con rexistro de entrada E.R.E 20190000004101 o concello recibe documentación do equipo redactor: (borrador do plan (formato pdf) documento inicial estratéxico (formato pdf) documentación (formato shp).

CUARTO. O 09.01.2020 o alcalde presidente emite unha providencia de inicio para a tramitación do expediente do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

QUINTO. Con 10.12.2019 o arquitecto municipal emite informe no que manifesta que a documentación achegada é conforme ao establecido no prego de prescricións técnicas e conforme o artigo 144 do RLSG.

SEXTO. O Concello evacuou a consulta previa á aprobación do PXOM o 13.01.2020. O que foi publicado na sede.

SÉTIMO. O 24.01.2020 o arquitecto municipal emitiu informe do borrador do Plan inicial estratéxico onde se facía constar que a documentación achegada en relación a tramitación ante órgano ambiental era suficiente e que se axustaba ao esixido no artigo 144 do regulamento da Lei do Solo de Galicia.

OITAVO. O 31.01.2020 rexistro de saída nº 109 remitiuse a comunicación ao órgano ambiental do PXOM.

NOVENO. Con data 14.01.2020 o concello emitiu a consulta previa antes da redacción do PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO sen que se recibisen suxestións polo que non será necesario modificar o documento do equipo redactor. Despois do estudo da proposta, solicítase ao equipo redactor a revisión da ubicación do solo urbanizable previsto para a implantación do polígono eco agrario así como outros pequenos axustes e identificacións dos equipamentos municipais.

DÉCIMO. Con data 17.01.2020 o con rexistro de entrada E.R.E 20190000000114 o concello recibe esta documentación mellorada polo equipo redactor.

UNDÉCIMO. O 14.01.2020 o secretario emite informe sobre o procedemento.

DUODÉCIMO. O 24.01.2020 o arquitecto municipal informa de novo favorablemente a documentación achegada polo equipo redactor.

DÉCIMO TERCEIRO. En data 28.01.2020 con rexistro de entrada E.R.E 20200000000188 o equipo redactor achega novamente a documentación remitida en data 17.01.2020 por non estar asinada dixitalmente. Se comproba a coincidencia total entre unha e outra.

DÉCIMO CUARTO. O 10.02.2020 o secretario do concello emitiu certificado do envío do documento inicial estratéxico para a emisión do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

DÉCIMO QUINTO. Con data 30.06.2020 a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade emitiu informe ao respecto.

DÉCIMO SEXTO. Con data 10.07.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu informe dentro do procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica Ordinaria.

DÉCIMO SÉTIMO. Con data 13.07.2020 o Servizo de Patrimonio Cultural emitiu informe de observacións e suxestións no procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

DÉCIMO OITAVO. Con data 28.07.2020 ADIF emitiu informe onde manifesta unha serie de observacións e suxestións ao Documento Inicial Estratéxico e borrador do Plan Xeral de Abegondo.

DÉCIMO NOVENO. Con data 13.08.2020 o Instituto Galego da Vivenda e Solo emitiu informe ao respecto.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

VIXÉSIMO. Con data 24.08.2020 a Axencia Galega de Calidade Alimentaria emitiu informe ao respecto.

VIXÉSIMO PRIMEIRO. Con data 22.09.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu a resolución pola que se formula o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM de Abegondo.

VIXÉSIMO SEGUNDO. Con data 29.09.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático remitiu informe do Servizo de Enerxía e Minas da Coruña.

VIXÉSIMO TERCEIRO. Con data 04.03.2021 ADIF emitiu informe relativo ao PXOM.

VIXÉSIMO CUARTO. Con data 16.03.2021 a Dirección General de Planificación y Evaluación de la Red Ferroviaria emitiu informe sectorial previo á aprobación inicial do PXOM

VIXÉSIMO QUINTO. Con data 18.05.2021 informe favorable ao PXOM do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana no referente a súa afección a Rede de Estradas do Estado.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 45 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
- O Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro.
- Os artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Sen carácter exhaustivo, entre outras, é aplicable a Lexislación sectorial seguinte:
 - Patrimonio cultural: artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e artigo 34 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Defensa: disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro.
 - Costas: artigos 112.a) e 117.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas; Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
 - Estradas: o artigo 16 da Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas, de Estradas, cando afecte a estradas estatais; artigo 23.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, cando afecte á rede autonómica de estradas, e o seu desenvolvemento polo Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio.
 - Ruído: o artigo 11 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, cando se refira ao ámbito estatal; o artigo 5.3 do Decreto 106/2005, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, cando se refira ao ámbito autonómico.
 - Augas: artigos 25 e 128 do Texto Refundido da Lei de Augas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo; artigo 39 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia; artigo 22.3 do Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro; artigo 43 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Sector ferroviario: O artigo 7.2 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario.
- Aeroportos: a disposición adicional segunda do Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social; artigo 29 do Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas.
- Competencias estatais: a disposición adicional segunda da Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; artigo 5 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico; artigo 68 do Real Decreto 143/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Sector de hidrocarburos: artigo 106 do Real Decreto 1434/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Telecomunicacións: o artigo 35.2 da Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeneral de Telecomunicacións. Así mesmo deberá terse en conta o artigo 17 da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia [Deberá terse en conta que, o Tribunal Constitucional, na súa Sentenza de 26 de xaneiro de 2016 declarou inconstitucionais e nulos determinados incisos do artigo 17 da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia].
- Explosivos: artigo 24.3 do Regulamento de Explosivos, aprobado por Real Decreto 130/2017, de 24 de febreiro.
- Portos: artigo 7.3.a) da Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.
- Pirotecnia: artigos 24 e 79 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, aprobado por Real Decreto 989/2015, de 30 de outubro, e instrución técnica complementaria número 9 (Normas de deseño e emprazamento para talleres e depósitos).
- Montes: artigo 39 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e artigo 66 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Residuos: artigo 47 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.
- Política Industrial: artigo 51 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado por Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro.
- Espazos Naturais Protexidos: artigo 59.3 do anexo II do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia; artigo 6 da Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre.
- Contaminación Acústica: artigo 21 da Lei 37/2003, de 17 de novembro do ruído.
- Litoral: o artigo 14 do Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia.
- Accesibilidade e supresión de barreiras: artigo 16 do Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro artigo 49 da Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Minería: disposición final 4ª da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en relación co artigo 14.1 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.
- Patrimonio natural: Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os Plans Xerais de Ordenación Municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do Réxime Xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDA. O Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá establecer as determinacións establecidas nos artigos 52 a 57 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, dependendo do tipo do solo ao que faga referencia.

TERCEIRA. As determinacións do plan xeral de ordenación municipal desenvolveranse nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:

a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.

[A memoria xustificativa é o documento no que se establecen as conclusións da información urbanística que condicionan ou poden condicionar a ordenación do territorio, e no que se xustifican o modelo elixido, os parámetros utilizados para a clasificación do solo e o contido das determinacións, tanto as xerais como as concretas, correspondentes ás distintas clases e categorías de solo.

O documento da memoria xustificativa estruturarase nas seguintes partes:

- a) Parte I. Información.
- b) Parte II. Xustificación.
- c) Parte III. Anexos].

b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.

[Para a redacción deste documento tomaranse como base os datos recollidos na memoria informativa.

O documento estruturarase nas seguintes partes:

- a) Parte 1. Estudo do medio rural.
- b) Parte 2. Análise do modelo de asentamento poboacional.
- c) Parte 3. Análise da mobilidade].

c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.

e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.

[Dentro da documentación gráfica do plan xeral incorporárase un conxunto de planos de información, nos que se reflectirá a situación do territorio do termo municipal, organizados nos seguintes bloques:

- Planos de información xeral
- Planos de información do solo urbano
- Planos de información do solo de núcleo rural]

f) Planos de ordenación urbanística.

[Dentro da documentación gráfica do plan xeral incorporárase un conxunto de planos, en que se reflectirá a ordenación urbanística do territorio do termo municipal, organizados nos seguintes bloques:

— Planos a escala mínima 1:5.000 de estrutura xeral e orgánica do territorio, nos cales se sinalen, conxunta ou separadamente, o sistema xeral de infraestruturas de comunicacións, o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, o sistema xeral de equipamentos e o sistema xeral de infraestruturas de redes de servizos, así como os núcleos de poboación existentes no municipio e crecementos previstos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Planos a escala mínima 1:5.000 de clasificación e categorización do solo, cos límites parroquiais.
- Planos a escala mínima 1:5.000 de ordenación e xestión do solo.
- Planos de ordenación do solo urbano consolidado, a escala mínima 1:2.000.
- Planos de ordenación do solo de núcleo rural: o contido relativo á ordenación dos núcleos rurais incorporárase aos planos adxuntos ás fichas da análise do modelo de asentamento poboacional.

Cando opte pola súa ordenación detallada, para os sectores, áreas e ámbitos correspondentes, o plan xeral deberá incluír a mesma documentación que se establece para os plans parciais e os plans especiais de reforma interior, respectivamente.

Os planos de ordenación deberán ser realizados, como mínimo, á escala indicada nos apartados anteriores. Utilizaranse escalas de maior aproximación e/ou se dividirá a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade ou a súa densidade].

g) Normas urbanísticas.

[O plan conterá unhas normas urbanísticas xerais que establecerán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) As instrucións aclaratorias e facilitadoras da comprensión, a interpretación e a aplicación dos documentos que integren o plan.
- b) A regulación común aos distintos usos posibles en cada clase de solo.
- c) A regulación xeral de tipoloxías e sistemas de medición dos parámetros edificatorio, así como o establecemento das condicións de habitabilidade e as dimensións dos diferentes elementos construtivos, que non estean regulados na normativa sectorial correspondente.
- d) A regulación concreta das dotacións, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial de aplicación.
- e) O réxime de protección e as servidumes e demais limitacións derivadas dos bens de dominio público situados no termo municipal, segundo as previsións da normativa sectorial aplicable.
- f) As determinacións do réxime das construcións e edificacións preexistentes que queden en situación de incompatibilidade co novo plan
- g) As determinacións do réxime de usos e obras provisionais contemplados no artigo 204, para o solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais, en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente.
- h) As determinacións do réxime transitorio, que serán de aplicación en tanto non se aproben os correspondentes plans especiais, relativas:
 - h.1) Aos ámbitos de solo urbano consolidado ou de solo de núcleo rural cuxa ordenación detallada sexa remitida polo plan xeral a un plan especial de protección.
 - h.2) Aos ámbitos de solo urbano non consolidado nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana, ou nos que se vaian a desenvolver actuacións de dotación, segundo o establecido no artigo 26.1 b.2) e b.3), cuxa ordenación detallada sexa remitida polo plan xeral a un plan especial de reforma interior.
 - h.3) A as áreas de solo de núcleo rural nas que se prevexan actuacións de carácter integral polo plan].

h) Estratexia de actuación e estudo económico.

[Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan, determinando, en particular, a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.

O plan xeral de ordenación municipal conterá una avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que haxa que realizar con recursos propios do concello. Así mesmo, o plan realizará una avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización que resulten necesarias para a remodelación de urbanizacións e espazos públicos existentes e para as intervencións illadas que prevexa no solo urbano consolidado e no solo de núcleo rural.

O estudo económico do plan xeral incorporará una memoria de viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun axeitado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivados da ordenación proposta, co contido mínimo sinalado na lexislación estatal. O contido do estudo económico será proporcional á complexidade da ordenación e características do concello.

Ademais do estudo económico incorporárase o informe de sustentabilidade económica, co contido establecido na lexislación estatal].

- i) Catálogo de elementos a protexer.
- j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
- k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial de aplicación.

[Os plans xerais de ordenación municipal conterán a estratexia para o desenvolvemento coherente do plan, determinando, en particular, a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable.

O plan xeral de ordenación municipal conterá una avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que haxa que realizar con recursos propios do concello].

CUARTA. De conformidade co artigo 46 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, entre outros instrumentos, os plans xerais de ordenación municipal que se desenvolverá segundo o disposto no artigo 60 de devandita lei.

Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 6 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, así como as súas modificacións, deberá someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria que se realizará de conformidade co previsto nos artigos 17 e seguintes de devandita Lei.

QUINTA. En canto á competencia para resolver os plans xerais o artigo 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén cunha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes.

Corresponde ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

SEXTA. Durante todo o proceso de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SÉTIMA. O procedemento a seguir é o seguinte:

[Téñase en conta que os instrumentos de plan urbanístico e as súas modificacións teñen una natureza eminentemente normativa, sendo equiparables a unha ordenanza. Por tanto, quedan suxeitos aos trámites da consulta previa, audiencia e información públicas regulados no Título VI Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por non haberse excluído por esta Lei expresamente a materia urbanística.

Por iso, deberá observarse que, con carácter previo á elaboración do proxecto de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, deberá substanciarse consulta pública a través do portal web do Concello, de acordo co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro].

A. Iniciada a fase de formulación do plan xeral, a Consellería competente en materia de urbanismo, previa solicitude do Concello que o formulou, fornecerá a esta no prazo dun mes canta documentación considere necesaria ou de interese e coordinará canta información deba ser tida en conta para a redacción do instrumento de ordenación de que se trate e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

B. Redactarase un anteproxecto de plan, como documento inicial estratéxico, que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan sobre as bases aceptadas de principio polas administracións públicas con competencias concorrentes, cos aspectos recollidos no artigo 18 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

C. O concello deberá comunicar ao órgano ambiental o inicio da tramitación do Plan, acompañando da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, dun borrador do plan e do documento inicial estratéxico a que se refire o apartado anterior.

[O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente].

O órgano ambiental disporá dun prazo máximo de dous meses desde o cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa para formular e trasladar ao Concello o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, tras seguir a tramitación que dispón o artigo 60.3 e 60.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 19 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.

D. Recibido o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o Concello, elaborará o estudo ambiental estratéxico, no que se identificarán, describirán e avaliarán os posibles efectos significativos no medio ambiente da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito de aplicación xeográfico do plan.

O estudo ambiental estratéxico considerarase parte integrante do plan ou programa e conterá a información que establece o artigo 20.2 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

E. Así mesmo deberán solicitarse ás Administracións sectoriais competentes os informes que sexan preceptivos con anterioridade á aprobación inicial do Plan.

F. O concello, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial, sometendo o documento a información pública durante un



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello sede.abegondo.gal.

G. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, podendo continuarse o procedemento.

H. Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, o Concello deberá solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

No caso de que algún dos informes sectoriais sexa discrepante, se son vinculantes, deberase obrigatoriamente modificar o proxecto; se non o son, a Corporación pronunciarase sobre os mesmos.

Recibidos os correspondentes informes, as consideracións e indicacións contidas nos mesmos que sexan vinculantes ou aqueles outros que se consideren convenientes, deberán incorporarse ás determinacións do Plan.

I. Concluída a información pública, os Servizos Técnicos Municipais e os responsables técnicos do equipo redactor ao que, no seu caso, encomendouse a redacción do Plan, estudarán as alegacións que poidan presentarse no trámite de información pública e emitirán informe sobre as mesmas así como respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

[Tal e como expresa o artigo 25.7 do Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, aprobado por Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, en todo caso, na tramitación dos instrumentos de ordenación urbanística deberá asegurarse o trámite de audiencia ás Administracións Públicas afectadas].

J. O Concello, una vez transcorrido o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa preceptiva, remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratéxica completo, tal e como establece o artigo 60.9 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

K. O órgano ambiental, una vez finalizado a análise técnica do expediente formulará a declaración ambiental estratéxica no prazo de dous meses desde a recepción da documentación completa.

L. O Concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao Plan e por Pleno aprobará provisionalmente o contido do Plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterao, co expediente completo debidamente diligenciado, á Consellería competente en Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

[Téñase en conta que en virtude do artigo 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén cunha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes.

Corresponde ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.].



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

M. A Consellería, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De apreciarse algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

N. A Consellería, no prazo de tres meses, a contar desde a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

- a) Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos en que se formula.
- b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se estimen necesarias para emendar as deficiencias que presente o documento, derivadas dos extremos da súa competencia sinalados no apartado 15 do artigo 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Neses casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o plan poida aplicarse con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso até a súa rectificación, resultando de aplicación nesas áreas o réxime contemplado no artigo 89 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- d) Non outorgar a aprobación definitiva.

Ñ. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio analizará:

- a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.
- b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.
- c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, o Plan de ordenación do litoral e os demais instrumentos de ordenación do territorio.
- d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

O. O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan contivese os documentos e determinacións preceptivos.

Os instrumentos de plan son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación definitiva non poderá recorrerse en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lexislación aplicable.

P. A Consellería publicará o Acordo de aprobación definitiva no prazo dun mes desde a súa adopción no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo publicarase o documento que conteña a Normativa e as Ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establece o artigo 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación.

Así mesmo, procederase á súa incorporación no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia en virtude do disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

OITAVA. A modo de motivación do acordo, cómpre destacar o informado polo arquitecto municipal no seu informe técnico:

Concluídos os traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante dous meses, mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, nun dos xornais de maior difusión na Provincia. Durante devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica deste Concello sede.abegondo.gal.

TERCEIRO. Suspende a tramitación e o outorgamento das seguintes licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que supoñen una transformación do réxime urbanístico vixente, e que son as seguintes:

Áreas obxecto de suspensión de licenzas:
Tipo de licenza

Licenza de parcelamento de terreos e demolición.

A duración da suspensión é de un ano.

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Remitir o expediente á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo para que emita informe tras realizar as consultas pertinentes. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Cumprimentados os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, podendo continuarse o procedemento.

QUINTO. Solicitar ás Administracións Públicas competentes os seguintes informes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, e de despois do manifestado polo concelleiro Roberto Gómez Lesta en representación do grupo AxA, manifestando que o seu grupo vaise a abster, porque é necesario ter un Plan Xeral de Ordenación, aínda que a zona sur do concello queda totalmente desolada e os nosos votos non teñen relevancia para a súa aprobación, a continuación procédese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por maioría

Ás 13,53 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental

José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.